

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac7851409345111897261.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 1/2026ZBE

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 01/2026 PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONOMICO DERIVADAS DA CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN E OBRA PARA A IMPLANTACIÓN DA ZONA DE BAIXAS EMISIÓN S (ZBE) NA CIDADE DE LUGO

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 01/2026, por un importe total de 901.961,25 € dentro do vixente orzamento do exercicio 2026, prorrogado do exercicio 2025, para dar cobertura ás obrigas derivadas da CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN E OBRA PARA A IMPLANTACIÓN DA ZONA DE BAIXAS EMISIÓN S (ZBE) NA CIDADE DE LUGO

Visto o informe do servizo de contratación de 02.01.2026 no que se sinala "O 23 de decembro de 2025 foi remitido o prego técnico e informe de necesidade para a contratación de referencia. O orzamento do contrato é 1.253.245,76 euros e debería, a xuízo deste servizo, consignarse na aplicación orzamentaria 24100.62300 CP 22MRRXX24100. Esta contratación está vencellada á execución do PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA, FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA -NEXT GENERATION EU que, segundo informan telefónicamente, debe estar executada e implantada o 30 de xuño de 2026 polo que, tendo en conta o prazo de execución previsto de 4 meses así como os trámites e prazos do procedemento de contratación, é urxente habilitar crédito para poder iniciar, á maior brevidade, esta contratación. En consecuencia, solicítase se realice a modificación orzamentaria oportuna que permita solicitar consignación polo importe indicado"

Visto igualmente o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2026/1, do 07.01.2026 así como o RCMOD Ref.: 1285/2026 por importe de 901.961,25 €

Considerando que no exercicio 2025 foi aprobada unha modificación na modalidade de suplemento de crédito, a 02/2025, financiada con remanente líquido de tesourería que daba cobertura a esta necesidade, pero o devir da tramitación administrativa fixo que non fose aprobado ata a data o expediente de contratación, non sendo factible neste momento a tramitación duna incorporación de remanentes de crédito ao non estar aprobada a liquidación do Orzamento Xeral de 2025.

Vista a inexistencia de crédito a nivel de vinculación xurídica no subprograma 24100, así como a dispoñibilidade nas aplicacións orzamentarias que ceden crédito, sinaladas a continuación, segundo se acredita nos estados de execución orzamentaria do exercicio 2025, no que non foi preciso esgotar a previsión recollida inicialmente no orzamento e que agora se atopa prorrogada.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude

INTERVENCION

LVP/ccg

Refº: ispac7851409345111897261.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 1-2026 ZBE

do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de crédito na modalidade de transferencia nº 01/2026, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P</u>	<u>IMPORTE €</u>
23182.22799	901.961,25	24100.60900	22MRRXX2410 0	901.961,25
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	901.961,25	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		901.961,25

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.